



LUNS, 28 DE XULLO DE 2025 | LUNES, 28 DE JULIO DE 2025 | BOP NÚMERO 141

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### PONTEDEUME

Anuncio aprobación definitiva derrogación O.F. taxa ocupación por mesas e cadeiras

#### ANUNCIO

Aprobación definitiva da “Supresión da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e a derrogación da Ordenanza Fiscal n.º 17 reguladora da mesma”.

O Pleno do Concello de Pontedeume, en sesión ordinaria celebrada o día 27 de febreiro de 2025, aprobou provisionalmente a “Supresión da Taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa e a derrogación da Ordenanza Fiscal n.º 17 reguladora da mesma”.

Someteuse o expediente a información pública polo prazo de trinta días hábiles a contar desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia núm. 94 do martes 20 de maio de 2025, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica deste concello.

Transcorrido o prazo de exposición ao público, sen que se presentase reclamación algúnhha, e consonte ao establecido no artigo 49 apartado c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, queda elevado automaticamente a definitivo o dito acordo provisional, procedéndose á publicar o dito acordo para xeral coñecemento, en cumprimento do establecido no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tendo en conta o artigo 65.2 do mesmo texto legal.

Contra o presente acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede na Coruña no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio, de conformidade cos artigos 30, 114.1c) e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e os artigos 8, 10 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa. O anterior, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que sexa procedente e se estime oportuno.

Documento asinado digitalmente polo Alcalde-Presidente do Concello de Pontedeume, don Bernardo Fernández Piñeiro, en Pontedeume a 21 de xullo de 2025.

2025/4882